



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 31 DE MAIO DE 2023

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Colaboradora de Calidade

María López Díaz

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e

Protección do Patrimonio Cultural

Fermín Pérez Losada

PDI

Yolanda Barriocanal López

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Representante estudiantado

Lucía Domínguez Carrera

DESCULPAN AUSENCIA

Enlace de Igualdade

Comendador Rey, Beatriz

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Susana Reboveda Morillo

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, presencialmente na Sala de Profesorado e, ao tempo, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o luns 31 de maio de 2023, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2021-2022 (R1 DE-03 P1).
4. Validación, se procede, da Política e Obxectivos de Calidade correspondentes ao curso 2022-2023.
5. Validación, se procede, do Panel de indicadores da Facultade de Historia e das súas titulacións (R1 DE-02 P2).
6. Validación, se procede, do procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2022-2023 (R1 DO-0301 P1).
7. Validación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2023/2024 (R1 DO-0203 P1).
8. Asuntos de urxencia.
9. Rolda de intervencións.

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2023.

A profesora Yolanda Barriocanal López, apunta que no punto 2, informe do presidente, cando se fai referencia á preocupación polo posible cambio no plan de estudos na Facultade de Santiago se indica que se informa á Vicerreitora de Relacións Internacionais, Susana Reboreda, cando esta é Vicerreitora de Extensión Universitaria.

Coa corrección proposta pola prof. Yolanda Barriocanal, apróbase a Acta por asentimento.

2. Informe do presidente.

Comenta o presidente que na xunta de Facultade do pasado 17 de marzo cesou como enlace de igualdade e como coordinadora de relacións exteriores a profesora Susana Reboreda, sendo substituída pola profesora Beatriz Comendador, que xa era un dos tres representantes do profesorado, no cargo de enlace de igualdade e como tal se incorpora a esta comisión; foi substituída polo profesor Antonio Presedo no tocante ás relacións exteriores.

O presidente lembra como na anterior xuntanza manifestara a súa preocupación polo feito de que a Facultade de Historia de Santiago levaba á Xunta de Facultade a ampliación dun 10% no número de prazas do Grao de Historia, ata as 110, así como a súa intención de transmitirllo á vicerreitora de Extensión Universitaria para que á súa vez, fíxese chegar a nosa preocupación ao equipo reitoral e este se implicase como tal na defensa dunha visión de conxunto do SUG. Finalmente a Xunta de Galicia autorizou esta ampliación o cal resulta incongruente co feito de que non se nos tivese recoñecido no seu momento a singularidade do noso Grao, pois era práctica bastante consolidada que no caso de Graos duplicados non se autorizaban incrementos que, dalgún xeito, non fosen consensuados. Polo que sexa isto non se respectou e, como consecuencia desta decisión, entende que para o vindeiro curso académico empezaremos a notar os efectos desta nova realidade.

Continua sinalando que o anterior non foi obstáculo para que se continuase traballando na política de captación. Ademais das accións das que xa se dera conta na anterior xuntanza do mes de febreiro, a Facultade estivo presente na xornada de emprego do 22 de marzo coordinada polos vicerreitorados de estudiantado e do campus de Ourense. O 13 de abril celebrouse unha Xornada conxunta de todas as titulacións do Campus con máis de 500 alumnos e alumnas procedentes de diversos institutos das provincias de Ourense e do sur da provincia de Lugo, o que na súa opinión, é o formato máis adecuado e efectivo en materia de captación, xa que permite ao alumnado obter unha visión global do campus ademais da oferta educativa

concreta de cada titulación.

Sinala o presidente que no que atinxe ao Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 ten que informar que a comisión encargada da súa elaboración, cuxa composición foi aprobada en Xunta de Facultade o pasado mes de novembro de 2022, rematou xa a primeira parte do seu traballo e na actualidade o borrador está sendo sometido a revisión pola Área de Calidade para continuar co seu percorrido. Antes do inicio da reunión, comentoulle o Vicedecano e coordinador de Calidade que se acaba de recibir o informe da comisión de calidade.

Para rematar, indica que se segue avanzando no proceso para ter disposto todo o preciso para a convalidación do sistema de garantía interno de calidade, toda vez que a visita da comisión encargada da mesma adiouse sobre a data inicialmente prevista da actual primavera, e non terá lugar ata o comezo do próximo curso.

O presidente cede a palabra ao prof. Antonio Presedo para que comente a situación do Programa de desenvolvemento, así como os procedementos recollidos nos puntos 3 a 7 da orde do día.

Comenta o prof. Antonio Presedo que, en relación Programa de Desenvolvemento Estratéxico, tal e como estaba previsto na planificación este foi revisado polos membros da comisión encargada da súa elaboración e, posteriormente, enviado á técnica de calidade. Recibiuse contestación e apenas puntualizou un par de cousas, pensa falar con ela sobre isto para facer as correccións que sexan necesarias. Confía en que o informe poida ser aprobado na primeira quincena de xullo.

3. Validación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2021-2022 (R1 DE-03 P1).

O prof. Antonio Presedo agradece ás persoas que colaboraron na elaboración do Informe de Revisión pola Dirección (especialmente a Xosefa Rodríguez Bouzas), á colaboradora da coordinación de calidade e o decano.

Sinala que o retraso na súa elaboración resultou finalmente beneficioso, xa que deu tempo a que chegara o informe de revisión interna do Máster de Arqueoloxía que, así, puido incluírse como anexo.

Comenta o prof. Antonio Presedo que se aprecia unha redución moi importante nos participantes nas enquisas, o que indica a converxencia da facultade cos datos da Universidade, aínda que se manteñen por riba. Chama a atención sobre esta baixada de participación nas enquisas de calidade, o que non deixa de sorprenden, en comparación con outros cursos.

En relación co Plan de Acción de Melloras, comenta o prof. Antonio Presedo que, a diferenza de cursos anteriores, todas as accións correspondente ao curso 2020/21, que nos ocupa, están recollidas correctamente na plataforma.



Validase o Informe por asentimento.

4. Validación, se procede, da Política e Obxectivos de Calidade correspondentes ao curso 2022-2023.

Comenta o profesor Antonio Presedo que este documento, así como os que se someten a validación nos puntos seguintes, son documentos relacionados co Informe de Revisión pola Dirección.

No caso da Política e Obxectivos de Calidade e tendo en conta os resultados do informe de revisión pola dirección, e considerando a previsible evolución das seguintes promocións, axustáronse os obxectivos á baixa.

O documento é validado por asentimento.

5. Validación, se procede, do Panel de indicadores da Facultade de Historia e das súas titulacións (R1 DE-02 P2).

O prof. Antonio Presedo comenta que todo o relativo a este procedemento xa está completado.

O Panel de indicadores é validado por asentimento.

6. Validación, se procede, do procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2022-2023 (R1 DO-0301 P1).

O prof. Antonio Presedo comenta que se trata de revisar todos os elementos dos que se informa e que xa está feito, inclusive a actualización da cartelería.

E validado por asentimento.

7. Validación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2023/2024 (R1 DO-0203 P1).

Comenta o presidente que no actual curso foi novidade a designación de dúas persoas titoras específicas para o alumnado do PCEO, a experiencia resultou moi positiva, expresando o alumnado o seu agradecemento. Para o próximo curso presentase a mesma proposta, coa renovación das persoas encargadas do PAT. A continuación da lectura ao listado de titores encargados de curso no Grao e no PCEO, así como nos Mestrados en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.



Valídanse o Plan de Acción Titorial por asentimento.

8. Asuntos de urxencia.

Non constan.

9. Rolda de intervencións.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 horas do día 31 de maio de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro